



PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS QUE REXIRÁ O PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DUN/HA AXENTE DE IGUALDADE NO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS. TRAMITACIÓN ORDINARIA. LICITACIÓN ELECTRÓNICA.

TRAMITACIÓN ORDINARIA. LICITACIÓN ELECTRÓNICA.

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 95.000,00 € SEN IVE

ORZAMENTO BASE: 19.000,00 €; IVE: 3.990,00 €; TOTAL: 22.990,00 €

CLAÚSULA 1.- OBXECTO DO CONTRATO:

A Mancomunidad de Salnés presta de maneira mancomunada aos concellos de Cambados, Meaño, Meis, Ribadumia e Vilanova de Arousa un servizo público de atención ás mulleres en situación de vulnerabilidade, que ten como obxectivo dar resposta de xeito persoal e inmediato ás necesidades das usuarias de ditos concellos da comarca, ofrecéndolles un asesoramento xurídico, asistencia psicolóxica, intervención por parte da axente de igualdade, así coma información ampla en materia de recursos.

Dado o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos, obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixen un elevado custo, tanto de instalación, de adquisición coma de funcionamento e xestión, que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar un servizo, neste caso Axente de Igualdade, que na actualidade se considera imprescindible.

Preténdese, por tanto, a contratación dun/ha axente de igualdade, mediante contrato de servizos por procedemento aberto simplificado.

CLAÚSULA 2.- ÁMBITO TERRITORIAL DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS CIM

O Centro de Información á Muller (CIM) está sito no Edificio de Servizos Múltiples do Concello de Cambados, ubicado no andar no que tamén se atopan os Servizos Sociais do Concello de Cambados, motivo polo cal existe unha colaboración directa entre os mesmos.

O local dispón de varios despachos para as consultas, garantindo a privacidade das comunicacións. As instalacións adecúanse ás normas técnicas, santiarias, de hixiene e de seguridade. Así mesmo, contan co equipamento material necesario para o desenvolvemento das funcións.

Con independencia de que as usuarias reciban puntualmente atención personalizada nas instalacións do centro, para dar resposta de xeito persoal e inmediato ás necesidades das usuarias dos demais concellos: Ribadumia, Meaño, Meis e Vilanova de Arousa e, actuando en colaboración co persoal dos Servizos Sociais de ditos concellos, o equipo técnico, neste caso a Axente de Igualdade do centro, desprazarase ata os mesmos.

Para a impartición da formación certificable, a empresa adxudataria deberá estar





inscrita e acreditada na modalidade de impartición esixida pola Administración Laboral, así como dispor do persoal docente necesario que cumpra cos requisitos académicos, de experiencia laboral e competencia docente esixidos pola normativa reguladora vixente na materia de certificados de profesionalidade.

CLAÚSULA 3.- CUALIFICACIÓN ESIXIDA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO

- Estar en posesión de titulación universitaria de grao ou titulación equivalente.
- Estar en posesión de postgrado/máster/curso homologado de especialización en igualdade de oportunidades (materia de igualdade), con alomenos 300 horas de formación específica en xénero.
- Acreditación de formación en materia de igualdade por razón de xénero e experiencia laboral nalgún dos seguintes eidos: igualdade de oportunidades por razón do xénero ou da diversidade sexual, desenvolvemento comunitario, voluntariado e dinamización social ou de grupos.
- Acreditación de, alomenos, 3 anos traballados en entidades públicas ou privadas, ou ter realizado voluntariado en institucións públicas ou en entidades sen ánimo de lucro nos ámbitos requiridos para cada caso.

CLÁUSULA 4.- APTITUDES DO/A AXENTE DE IGUALDADE

Ademais de posuír titulación superior e unha formación específica en igualdade, o/a candidato/a deberá reunir unha serie de aptitudes para a prestación do servizo a contratar:

- Ter dotes de comunicación;
- Capacidade para traballar en equipo;
- Capacidade de analizar e interpretar a información;
- Redacción e presentación de memorias e informes;
- Ter coñecemento e dominio das tecnoloxías da información;
- Capacidade para a mediación;
- Representar un modelo para o cambio no ámbito da igualdade;
- Ser flexible;
- Ser proactivo;
- Capacidades organizativas.
- Habilidades informáticas (concretamente, o manexo da aplicación informática de xestión que deberá utilizar).
- Coñecementos actualizados sobre o ámbito e as leis de igualdade.

CLÁUSULA 5.- FUNCÍONS DO/A AXENTE DE IGUALDADE

A prestación do servizo por parte do/a Axente de igualdade, obxecto deste contrato, levará implícita a consecución das seguintes funcións, incluídas no Programa do CIM da Mancomunidade do Salnés, ao longo do seu período de execución; estimado dende a formalización do contrato ata o 31 de decembro do 2021:



-Asesoramento ás persoas e colectivos en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social; ao colectivo de persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais (colectivo LGTBI), tanto individualmente como ás asociacións e federacións.

-Atención específica ás mulleres vítimas de violencia de xénero e, de ser o caso, ás fillas, fillos e persoas menores ao cargo da muller vítima, ou maiores dependentes, facilitando o acceso aos recursos existentes na Comunidade Autónoma.

-Atención específica a mulleres en situación de especial vulnerabilidade co obxectivo de mellorar a súa situación persoal, social ou laboral.

-Información sobre os recursos dispoñibles no seu ámbito territorial.

-Difusión e sensibilización cidadá acerca da vixencia e aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes e da necesidade da consecución de igualdade de dereitos e de integración social do colectivo LGTBI.

-Funcionamento como canle de comunicación entre as persoas usuarias e os distintos organismos que teñan competencias en materia de muller e igualdade e atención e integración do colectivo LGTBI.

-Información sobre cursos, estudos e xornadas en materia de igualdade de oportunidades, tanto no ámbito de xénero como para o colectivo LGTBI e, en especial, difusión de actividades e servizos desenvolvidos polo órgano competente da Xunta de Galicia en materia de igualdade.

-Realización de conferencias, encontros, xornadas e cursos sobre temas de especial incidencia na consecución do principio de igualdade, tanto no relacionado co xénero, como coa temática da diversidade sexual.

-Actuacións de dinamización levadas a cabo por dinamizadoras e dinamizadores profesionais de cara á integración da perspectiva de xénero nos programas e actuacións que desenvolve a entidade local, así como o establecemento de canles de comunicación e colaboración con outros axentes presentes no territorio e que poidan ser de interese para o desenvolvemento das actividades do centro no ámbito educativo, sanitario, etc.

-Fomento do asociacionismo e da participación das mulleres en todos os ámbitos.

-Colaboración co órgano competente en materia de igualdade da Xunta de Galicia naqueles casos que este órgano o demande para a atención ás persoas usuarias e para a promoción da igualdade de xénero, no exercicio das súas competencias.

-Fomento do asociacionismo do colectivo LGTBI e de actividades encamiñadas á súa integración efectiva en todos os ámbitos da vida social e económica.

-Calquera outra actividade que se adecúe ao obxectivo prioritario da consecución da igualdade, sobre todo nos ámbitos laboral e social.

CLÁUSULA 6.- OBRIGAS DO CONTRATISTA

Os compromisos asumidos e as tarefas a desenvolver pola empresa adxudicataria para a correcta execución do servizo de Axente de Igualdade serán, cando menos:

-Realizar tódalas xestións administrativas esixidas pola Administración autonómica competente, Xunta de Galicia.

-Manter actualizados na aplicación informática establecida ao respecto os datos



identificativos e os horarios, así coma os datos referentes ás consultas e actividades que se realicen.

-Confección dunha memoria anual con todos os datos actualizados introducidos na aplicación informática establecida.

-Achega ao órgano competente en materia de igualdade de toda información que lle sexa solicitada.

-O respecto á vontade das persoas usuarias na busca das posibles solucións e alternativas ás consultas expostas.

-A prestación gratuíta de todos os servizos que se ofertarán atendendo á vocación de servizo público.

-Cumprir coa Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e da lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Para ese efecto, deberá garantir:

-A utilización dunha linguaxe inclusiva e non sexista, prohibíndose na documentación e material asociado á prestación contractual calquera imaxe denigrante, que minusvalore ou discrimine ás mulleres.

-No seu caso, as accións de prevención de riscos laborais e a saúde incluírán a perspectiva de xénero e adaptarán o seu contido ás características diferenciadas de sexo.

-A empresa adjudicataria está obrigada ao cumprimento estrito da lexislación vixente, en materia de protección e tratamento de datos de carácter persoal, en relación cos que coñeza por razón da prestación do servizo.

-Colaboración coas demais administracións públicas e, especialmente, co órgano competente en materia de igualdade da Xunta de Galicia.

CLÁUSULA 5: REUNIÓN DE COORDINACIÓN

O contratista comprométese a manter as reunións de coordinación que fosen necesarias, co equipo técnico do CIM, ao obxecto de unificar criterios de traballo, así como a seguir en todo momento as orientacións que de orde xeral que sexan formuladas polo órgano competente en materia de igualdade da Xunta de Galicia.

Cambados, á data da sinatura electrónica.

A PRESIDENTA,

Marta Giráldez Barral.

